

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CORRECCIÓN de erros. Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

Advertidos erros na Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas, publicada no *Diario Oficial de Galicia* n.º 121, do venres 24 de xuño de 2011, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 16739, artigo 5, punto 2, alínea a, onde di: «a) Os seguintes cursos realizados na Escola Galega de Administración Pública con anterioridade ao ano 2000: cursos de linguaxe administrativa; cursos de linguaxe administrativa galega; cursos de linguaxe xurídica galega; cursos de linguaxe xurídica galega para asesores da Xunta de Galicia», debe dicir: «a) Os seguintes cursos realizados na Escola Galega de Administración Pública con anterioridade ao ano 2000: cursos de linguaxe administrativa; cursos de linguaxe administrativa galega; cursos de linguaxe xurídica galega; cursos de linguaxe xurídica galega para asesores da Xunta de Galicia. Os cursos de linguaxe administrativa galega, manual de estilo, recollidos na Orde do 7 de marzo de 2001 pola que se publica a equivalencia dos cursos de linguaxe administrativa galega feitos pola Confederación Intersindical Galega, incluídos nos plans de formación continua dos anos 1998 e 1999 (DOG n.º 67, do 4 de abril)».

Na páxina 16739, artigo 5, punto 2, alínea d, onde di: «d) O curso medio de linguaxe administrativa sanitaria galega», debe dicir: «d) O curso medio de linguaxe administrativa sanitaria galega; a posesión dos dous cursos: básico e superior, recollidos nos anexos I e II da Orde do 19 de novembro de 2003 pola que se publica a equivalencia dos cursos de linguaxe administrativa galega organizados pola *Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria* desde o ano 1998 ao 2002 e os programados para o ano 2003 (DOG n.º 230, do 26 de novembro)».

Na páxina 16739, artigo 5, punto 2, alínea e, onde di: «e) Os ciclos elemental e superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas superados con anterioridade ao 30 de xullo de 2007», debe dicir: «e) Os ciclos elemental e superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas».

Na páxina 16741, artigo 6, onde di: «–Os cursos presenciais deberán ter unha duración de 75 horas lectivas.», debe dicir: «–Os cursos presenciais terán unha duración de

75 horas, distribuídas da seguinte maneira: 60 horas lectivas, coa obrigada presenza do alumnado nas aulas; e 15 horas de tratamento individualizado conducentes a que cada alumno/a elabore e presente un traballo, de carácter obrigatorio, programado polo profesor/a».